ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

21 de outubro de 2026

Sendo ás 10.00 horas, en segunda convocatoria da comezo a reunión, a través do campus remoto da Universidade de Vigo.

Asisten:

- Grande Seara Pablo; Decano da Facultade
- Fernández Docampo, Mª Belén; Coordinadora do Grao en RRLL e RRHH
- Martínez Molares Paula; Vicedecana de Calidade
- Otero Otero, Blanca; Coordinadora de Igualdade
- Dorado Iravedra, Manuel; Representante do PTXAS
- Vidal Cernadas, Gabriel; Representante do alumnado de 3º ciclo
- Farto Piay, Tomás; Coordinador do Máster en Avogacía e Procura de Vigo e Pontevedra
- Alonso Lago, Alejandro; Representante do Alumnado
- Estévez Abeleira, Teresa; Coordinadora do Máster en Menores en Situación de Conflito e Desprotección Social
- Castro Surís, Elena; Representante do alumnado egresado
- Vaquero García, Alberto; Coordinador do Mestrado en Xestión e Dirección Laboral

Desculpan a súa asistencia:

Gómez Villaverde, Raúl; Representante da sociedade
Pacho Blanco, Xose Manuel; Coordinador de Normalización Lingüística

ACORDOS

Toma a palabra o Sr. Decano para informar sobre o Informe Final favorable de renovación da acreditación institucional da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no Real Decreto 640/2021 emitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) o pasado mes de xullo de 2026 e remitido a todos os integrantes da Comisión de Garantía de Calidade.

Este informe recoñece o funcionamento estruturado do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro e a calidade da oferta formativa impartida.

O informe final pon de manifesto diversas boas prácticas e fortalezas do centro, así coma

algunhas debilidades que deben ser corrixidas.

Entre as fortalezas, cabe destacar as seguintes:

- ✓ Oferta formativa consolidada, cunha demanda estable e sostida que se axusta ás necesidades da contorna socioeconómica.
- ✓ Compromiso coa calidade, reflectido na implicación dos equipos de dirección e na formalización dos procesos do SGC.
- ✓ Distintivo de igualdade, que recoñece o compromiso institucional coa equidade e a igualdade de oportunidades.
- ✓ Actividades formativas complementarias, como seminarios e congresos gratuítos para o estudantado, e o impulso de grupos de docencia en lingua inglesa.
- ✓ Plan de Acción Titorial (PAT) consolidado como ferramenta eficaz de orientación e acompañamento académico do estudantado.

Coma debilidade máis salientable destacan deficiencias na coordinación entre materias dun mesmo curso ou ás veces dentro dunha mesma materia impartida por distintos profesores/as. Esta debilidade ponse máis de manifesto no Máster en Avogacía e Procuradoría ó participar na docencia de cada materia profesorado da U.Vigo e profesorado externo dos Colexios da Avogacía e de Procuradores.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: 02/07/2026.**

Apróbase por asentimento a acta da sesión anterior: 02/07/2026.

2. **Aprobación, se procede, da declaración de interese para a modificación substancial da Memoria do Grao en Dereito.**

O decano sinala que a presentación das declaracións de interese para a modificación das memorias destes tres títulos ven motivada pola necesidade de adaptalos ás previsións do RD 822/2021.

Apróbase por asentimento a declaración de interese para a modificación substancial da Memoria do Grao en Dereito.

3. **Aprobación, se procede, da declaración de interese para a modificación substancial da Memoria do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.**

Apróbase por asentimento a declaración de interese para a modificación substancial da Memoria do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

4. **Aprobación, se procede, da declaración de interese para a modificación substancial da Memoria do Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social.**

Apróbase por asentimento a declaración de interese para a modificación substancial da Memoria do Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social.

5. **Rolda aberta de intervencións.**

Non hai intervencións neste último punto.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 10.30 horas.

MARTINEZ MOLARES PAULA - 36141772D

Firmado digitalmente por MARTINEZ MOLARES PAULA - 36141772D
Fecha: 2026.11.23 11:35:48 +01'00'

Paula Martínez Molares
Vicedecana de Calidade e Acción Titorial